



Código do documento	Código do expediente
USG12I0097	USG/2018/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
1H43 4Z4R 1M5A 5C71 0EPD	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 12 DE MARZO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D^a M^a Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D^a Marta M^a Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día doce de marzo do ano dous mil dezaioito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 5 DE MARZO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de marzo de dous mil dezaioito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 5 de marzo de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 20 de febreiro de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2018. DOG núm. 46 do 06-03-2018.
- Resolución do 20 de febreiro de 2018, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan dúas edicións dun curso sobre actualización anual na formación en desfibrilación semiautomática externa para persoal dos servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencia supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 46 do 06-03-2018.

Código do documento	Código do expediente
USG12I0097	USG/2018/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1H43 4Z4R 1M5A 5C71 0EPD	

- Resolución do 20 de febreiro de 2018, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan dúas edicións dun curso sobre formación en desfibrilación semiautomática externa (DESA) para o persoal dos servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencia supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da comunidade autónoma de Galicia. DOG núm. 46 do 06-03-2018.
- Resolución do 27 de febreiro de 2018, da Academia Galega de Administración Pública pola que se convoca o curso A nova Lei de contratos do sector público para o persoal das entidades locais de Galicia. DOG núm. 46 do 06-03-2018.
- Resolución do 27 de febreiro de 2018, da Academia Galega de Administración Pública pola que se convocan as actividades de formación para o persoal da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 47 do 07-03-2018.
- Orde do 23 de febreiro de 2018, Consellería de Infraestruturas e Vivenda, pola que se modifica a Orde do 22 de decembro de 2015, pola que se abre o prazo para solicitar a participación para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as bases reguladoras das subvencións deste programa. DOG núm. 48 do 08-03-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

C.I.F. P-1503100-H

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
21/02/18	252	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	A. G. C.	Cinco horas á semana (agás festivos).
28/02/18	319	Dar de baixa no servizo municipal de Axuda no fogar e declarar terminado o procedemento.	B.M.J. M.B.	
28/02/18	321	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	A.A.G. E E. M. C.	Sete horas á semana (agás festivos).

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
22/01/18	102	Concesión axuda económica.	T.S.R.	Pago de hipoteca correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2017.	

Código do documento USG12I0097	Código do expediente USG/2018/32
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1H43 4Z4R 1M5A 5C71 0EPD	

C.I.F. P.-1503100-H

				<p>Pago de recibo auga correspondentes a os meses de xaneiro a outubro de 2017.</p> <p>Recibos de electricidade correspondentes aos meses de xaneiro a outubro de 2017.</p>	
29/01/18	149	Conceder unha axuda económica.	J.A.M.G.	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo a xuño do ano 2017, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 300€, e o mes de xuño por un importe de 165 €.	1.065,00 €
20/02/18	235	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	T.L.F.S.	Pago do recibo de luz, por un importe de 36,51€, sendo o importe da factura de 40,46 € correspondente ao período de 16 de setembro de 2017 a 31 de outubro de 2017, que lle será aboado mediante talón bancario.	
21/02/18	248	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.P.C.L.	<p>Pago do recibo de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2017.</p> <p>Pago do recibo de luz correspondente ao período de 04 de abril de 2017 a 31 de outubro que lle será aboado mediante talón bancario nominativo.</p>	<p>101,01 €</p> <p>125,13€</p>
21/02/18	251	Conceder unha axuda económica.	C.A.C.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo., por un importe mensual de 338€.	1.014,00 €
26/02/18	287	Conceder unha axuda económica.	M. J. M. O. CH.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro (300 €), febreiro (300 €), marzo (300 €) e abril (165 €) de	1.065,00 €

				2018.	
26/02/18	288	Conceder unha axuda económica.	M. L. C. M.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro (350 €), febreiro (350 €) e marzo (350 €).	1.050,00 €
28/02/18	316	Conceder unha axuda económica.	L. F. P. P.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro (300 €) de 2017, xaneiro (300 €), febreiro (300 €) e marzo (165 €) de 2018.	1.065,00 €
28/02/17	317	Conceder unha axuda económica.	M. A. M. T.	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de febreiro (290 €), marzo (290 €), abril (290 €) e maio (195 €).	1.065,00 €

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de diciembre de 2014)**

C.I.F. P.-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
26/02/18	285	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	E. M. L.	10 anos.

2.2.2.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

"ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2017/2018

A) ACTIVIDADE: As prantas medicinais

Programa: Educación ambiental.

Datas: 12 e 13 de marzo.

Horario: 10:00 a 12:00 h.

Colexios participantes: Sofía Casanova, Díaz Pardo, Ría do Burgo e A Ponte Pasaxe

Curso: 6º de EP.

Lugar: Aula de Natureza e Xardín Botánico.

Participantes: 179.

B) ACTIVIDADE: Imos ao teatro: Patapatúm.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 13, 14, 15 e 16 de marzo.

Horario: 10:30 a 13:30 h. (2 funcións diarias).

Colexios participantes: Tarrío, Sofía Casanova, Ría do Burgo e CPR A Ponte Pasaxe.